

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS SANITARIOS NO CONCELLO

REUNIDOS

DUNHA PARTE: Don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en calidade deste último, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA: Dona. M^a del Carmen González Quintela, na súa condición de Alcaldesa Presidenta do Concello de Carballeda de Valdeorras, nomeada na sesión constitutiva da Corporación Municipal do 7 de xullo de 2023, actuando en nome e representación da entidade local, en virtude das atribucións que lle confiren o artigo 21.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Os intervinientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

I.- O Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde, de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, establece que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

O exercicio das competencias en materia de saúde demandan deste organismo a necesidade de

contar con puntos de atención sanitaria ao longo de todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste sentido, a dispersión poboacional característica de Galicia fai que existan lugares onde resulta difícil dar cobertura ás prazas de persoal facultativo. En consecuencia, resulta axeitado contar con ferramentas de colaboración e cooperación coas entidades locais para implementar medidas conxuntas que incentiven a cobertura das prazas mencionadas.

En concreto, no Concello de Carballeda de Valdeorras, ao tratarse dun ámbito rural, existe dificultade de cobertura das prazas de persoal facultativo. Ao mesmo tempo, este Concello está próximo ao Hospital público comarcal do Barco de Valdeorras, onde tamén hai dificultades para cubrir as prazas de persoal facultativo.

Cómpre dispoñer, pois, os mecanismos oportunos para a cobertura da demanda da poboación do Concello, especialmente no eido da medicina de familia, incentivando a elección deste Concello de xeito que dita demanda poida ser atendida nas mellores condicións polos profesionais sanitarios.

Existen precedentes nos anos 2022, 2023 e 2024 para a posta en marcha de programas de reforzo e mellora da calidade dos Servizos de Atención Primaria nos que se establecía que no caso de acadar os resultados agardados, podería ser estendido a outras entidades locais que presentan as mesmas ou similares necesidades conxunturais ao longo da xeografía da nosa comunidade autónoma.

II.- De conformidade co artigo 50 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a Atención Primaria constitúe o primeiro nivel de acceso ordinario da poboación ao Sistema Público de Saúde de Galicia e caracterízase por un enfoque global e integrado da atención á saúde e por asumir un papel orientador e de canalización da asistencia requirida polo/a paciente en calquera punto do sistema sanitario.

As actuacións de Atención Primaria desenvolveranse nos centros de saúde ou noutros periféricos que dos mesmos dependan, nos puntos de atención continuada, así como nos domicilios dos enfermos, nos centros que presten servizos sociosanitarios ou en calquera outro lugar que se determine regulamentariamente.

III.- O artigo 276.2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 109 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das entidades locais establecen que *"os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente senón a entidades ou institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como ás institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro"*.

O artigo 110.1 do referido Real Decreto establece que *"En todo caso, a cesión gratuíta dos bens requirirá acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da"*



Corporación, previa instrución do expediente con arranxo a estes requisitos:

- a) Xustificación documental pola propia Entidade ou Institución solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que persegue redundan de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal.*
- b) Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa de que os bens se encontran debidamente inscritos en concepto de patrimoniais da Entidade local.*
- c) Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no inventario aprobado pola Corporación coa antedita cualificación xurídica.*
- d) Informe do Interventor de fondos no que se se probe que non haxa débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal.*
- e) Ditame subscrito por técnico que asevere que os bens non se atopan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade local nin é previsible que o sexan nos dez anos inmediatos.*
- f) Información pública por prazo non inferior a quince días.”*

IV.- Polo que atinxe ao Servizo Galego de Saúde, cómpre ter en conta as previsións contidas nos artigos 84 e 85 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, naquilo que resulten de aplicación ao presente suposto, dado que a través do convenio que se formaliza trátase de facilitar unha solución habitacional por parte do Concello de Carballeda de Valdeorras ao persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde con residencia fóra da Comunidade Autónoma de Galicia ou do dito concello, sendo así que a disposición se realiza a título gratuito.

Así, para o presente ano ambas partes están interesadas en continuar a súa colaboración, formalizando o presente convenio, que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é implementar no Concello de Carballeda de Valdeorras un Programa de mellora da calidade dos servizos sanitarios para a súa poboación, tendo en conta os resultados positivos acadados noutros Concellos para programas similares.

Segunda.- Compromisos asumidos polo Concello de Carballeda de Valdeorras

O Concello de Carballeda de Valdeorras asume os seguintes compromisos:

- a) Manter unha liña de comunicación, coa designación dunha persoa responsable, coa Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras co obxecto de comunicar as incidencias que se produzan e que poidan afectar aos niveis de demanda dos servizos sanitarios existentes no Concello.



b) Prestar o apoio e colaboración necesaria para a implementación do programa, no que atinxa á actividade dos servizos municipais de apoio.

c) Realizar as xestións oportunas para que o persoal sanitario con residencia fóra da Comunidade Autónoma de Galicia ou do concello, obteña unha solución habitacional axeitada para que poida cumprir coas funcións e tarefas profesionais ao longo da duración do programa.

Para tal fin, o Concello porá a disposición do Servizo Galego de Saúde dúas vivendas existentes nunha edificación recentemente reformada de xeito integral, co fin de mellorar a calidade dos servizos sanitarios da poboación deste concello. O inmovible (cuxo valor de referencia aproximado segundo o catastro, a data de xaneiro de 2025, é de de 34.018,74 €) consta de planta semisoto, planta baixa e planta alta, e identificada coa referencia catastral 1881802PG7918S0001OJ, consta das seguintes estancias:

Planta Semisoto	a) Rocho (bodega) asociada á Vivenda 1 b) Rocho (bodega) asociada á Vivenda 2
Planta Baixa	VIVENDA 1: Que consta de pasillo - distribuidor, 3 dormitorios, salón-comedor, cociña, 1 baño; e un porche exterior de acceso, cunha pequena zona de almacenaxe no baixo escaleira.
Planta Alta	VIVENDA 2: Que consta dun distribuidor, 3 dormitorios, salón-comedor, cociña, 1 baño, 1 aseo; e un espazo de almacenamento polo que se accede ó espazo habilitado no baixocuberta.

Ditas vivendas atópanse en perfecto estado no momento da sinatura do presente documento, tendo sido obxecto dunha reforma integral finalizada en febreiro de 2024, de tal forma que, a posta a disposición das mesmas, realízase a corpo certo, e nas condicións nas que se atopan no momento da súa sinatura.

d) Consonte o disposto no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das entidades locais e a restante normativa básica estatal que resulte aplicable, así como coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Concello de Carballada de Valdeorras comprométese a realizar todos os trámites administrativos esixidos pola lexislación vixente para posibilitar a cesión gratuíta dos inmovibles obxecto do presente convenio en favor do Servizo Galego de Saúde, debendo remitir a esta a seguinte documentación:

1º. Certificación do Acordo do Pleno da corporación municipal cedendo ao Servizo Galego de Saúde o ben, indicando referencia catastral.

2º. Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Real decreto 1372/1986 do 13 de xuño.



- 3º. Certificación do rexistro da propiedade de titularidade e situación de cargas e gravames. Debendo figurar que está libre de cargas.
- 4º. Certificación catastral.

Terceira.- Compromisos asumidos polo Servizo Galego de Saúde

1. O Servizo Galego de Saúde levará a cabo as seguintes accións:

- a) Avaliar as necesidades de recursos humanos e materiais necesarios para manter os niveis asistenciais nos servizos sanitarios no ámbito territorial do Concello de Carballeda de Valdeorras durante o período de vixencia do presente convenio.
- b) Establecer as directrices do programa e a adopción das decisións necesarias para o seu correcto desenvolvemento.
- c) Xestionar a cobertura das necesidades detectadas.
- d) Implementar canles de comunicación e mecanismos de coordinación necesarios para a prestación dos servizos, tanto co concello coma cos dispositivos de atención implicados.
- e) Integrar as necesidades e demandas asistenciais da poboación desprazada, nas propias da área sanitaria.
- f) Realizar o estudo e análise dos resultados obtidos na implantación do programa.
- g) Destinar as dúas vivendas cedidas para o uso habitacional do persoal médico de atención primaria que preste os seus servizos no municipio de Carballeda de Valdeorras.
- h) Verificar a documentación achegada polo concello, á que fai referencia a letra d) da cláusula anterior.

2. O Servizo Galego de Saúde comprométese a destinar os bens inmobles obxecto da cesión gratuita exclusivamente como solución habitacional para o persoal facultativo que desenvolve a súa actividade profesional nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, que dan cobertura asistencial á poboación deste concello.

Cuarta.- Asunción de custos

1. No que se refire ao Servizo Galego de Saúde, non suporá incremento de custo nin requirirá de dotacións orzamentarias específicas.
2. No que atinxe ao Concello de Carballeda de Valdeorras, asumirá con cargo aos seus propios orzamentos os custos derivados do cumprimento dos compromisos adquiridos de conformidade co presente convenio, consistente na posta a disposición de dúas vivendas, existentes nunha edificación recentemente reformada de forma integral.

O Servizo Galego de Saúde non asume ningunha responsabilidade polos danos, deterioración ou calquera outro detrimento derivado do uso dos inmobles obxecto da cesión gratuita, sen que se sexan indemnizables por aquel os gastos en que, de ser o caso, deba incurrir o Concello por tal motivo.



Quinta.- Relacións laborais

A subscripción deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o SERGAS e o persoal que no seu caso puidera intervir para cumprir as obrigas subscritas neste Convenio.

Sexta.- Comisión de seguimento

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión de seguimento composta por dúas persoas representantes da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, e dúas persoas representantes do Concello de Carballeda de Valdeorras. Unha das persoas representantes designadas pola Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras presidirá a comisión, e dirimirá co seu voto os eventuais empates que poidan producirse.

2. O réxime de funcionamento desta comisión será o establecido na Sección 3ª do Capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. Son funcións desta comisión de seguimento:

- a) Velar polo cumprimento do convenio.
- b) Compartir e comunicar os resultados obtidos da implantación do programa nos respectivos ámbitos.
- c) Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das actuacións previstas no convenio.
- d) Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.
- e) En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución dos convenios.

Sétima.- Confidencialidade e protección de datos de carácter persoal

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizada a vixencia do



convenio.

Oitava.- Vixencia

A implementación do Programa ao que se refire o presente convenio producirá efectos durante un ano, contado a partir da data da súa sinatura, con posibilidade de prórroga por dúas anualidades adicionais.

Novena.- Resolución do convenio

Son causas de resolución do convenio as seguintes:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
2. O acordo unánime das partes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá requirir á outra que cumpra coas obrigas ou compromisos asumidos, informando diso á Comisión de seguimento do convenio.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. A denuncia expresa do convenio manifestada por calquera das partes con 3 meses de antelación.
6. A non aplicación dos bens inmoables cedidos ao fin sinalado.

Décima.- Natureza e réxime xurídico aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o establecido no artigo 6.1 da citada lei.

Así, o artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro determina que quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados na mesma ou en normas administrativas especiais, celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as comunidades autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

Ademais, a devandita lei condiciona dita exclusión ao cumprimento das seguintes condicións:

- a) Que as entidades intervinientes non deben ter vocación de mercado e ademais, queda excluído do convenio a obtención dun beneficio económico directo para as partes.



- b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles atinxen se prestan de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común.
- c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

Undécima.- Rexistro de convenios e transparencia

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data indicada na sinatura electrónica.

Polo Servizo Galego de Saúde

Polo Concello de Carballeda de Valdeorras

Antonio Gómez Caamaño

M^a del Carmen González Quintela

